

Lingua e literatura galega.

Unidade 14

IES Lamas de Abade
Curso 2023 / 2024

O teatro no exilio.

-Buenos Aires: 1938-1946, Compañía Maruja Villanueva (fundada por Varela Buxán), Compañía Teatro Popular Galego (fundada por Blanco Amor).




O teatro no exilio. Varela Buxán

- Emigrou moi novo á Arxentina.
- Alí desenvolve un intenso labor cultural.
- Compuxo unhas 30 pezas caracterizadas por:
 - Estilo directo e popular.
 - Liña cómica e sentimental.
 - Con crítica á problemática social galega.

RURALISMO HUMORÍSTICO

O teatro no exílio. Luís Seoane

- *A soldadeira*, 1957.
- Drama histórico: recrea os problemas da Galiza do presente.



O teatro na posguerra.

- Condenado ao silencio.
- Autores que comezan a publicar nos anos 50: Blanco Amor, Cunqueiro, Carvalho Calero...


O teatro na posguerra. Características

- Falta de público lector e imposibilidade de representación.
- Temas: conflitos, situacións e personaxes universais dun mundo escuro.
- Compromiso co home da posguerra (angustia e desesperanza).

O teatro na posguerra. **Blanco Amor**

-*Farsas para títeres*, 1973

- Seis pezas influenciadas polo expresionismo europeo e o esperpento de Valle. O humor e o grotesco combínanse coa crítica á sociedade.



-*Teatro pra a xente*, 1974

- Costumismo, humor e retranca.



-*Proceso en Jacobusland*, 1980

- Crítica política e social a través do esperpento e a caricatura.

PROCESO
EN
JACOBUSLAND

EDICIÓN DO CASTRO
1981

O teatro na posguerra. Álvaro Cunqueiro


-*Función de Romeo e Xulieta*, 1956.

-*O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, 1959.

- Recreación libre da obra de Shakespeare mesturado co mito de Edipo.


-*A noite vai coma un río*, 1965.

- Dona Inés agarda nunha estéril espera polo seu home ideal.



O teatro na posguerra. **Carvalho Calero**

- Formou parte do SEG.
- Foi o primeiro catedrático de Lingua e literatura galegas da USC.
- Foi dramaturgo, poeta, narrador e ensaísta.



O teatro na posguerra. **Carvalho Calero**

-*O fillo*, 1935.

-*Farsa das zocas*, 1963.

- Recreación e estilización de temas populares, aparecen personaxes-tipo.

-*Auto do prisioneiro*, 1970.

- Bebe de correntes europeas da época (neste caso do teatro do absurdo...)



O teatro na posguerra. A dramática social

Os autores que vimos de ver serviron de estímulo aos autores posteriores: Daniel Cortezón, Xohana Torres...

CARACTERÍSTICAS:

- Son a 1ª xeración posterior á guerra civil.
- Cultivaron tamén outros xéneros literarios.
- A preocupación sociopolítica condiciona a súa creación.
- O texto dramático convértese nun instrumento de loita.
- Variedade temática.

O teatro na posguerra. **Daniel Cortezón**

- Especializouse na temática histórica.
- Precisa un gran traballo de investigación e documentación para a confección das súas obras.
 - Dramas históricos centrados na Galiza medieval:
 - Prisciliano*, 1970.
 - Os irmandiños*, 1977.
 - Dramas históricos centrados na Galiza contemporánea:
 - Castelao, ou a paixón de Galiza*, 1986-1997.

O teatro na posguerra. **Xohana Torres**

- Discípula de Carvalho Calero.
- Dedicouse tamén á poesía e á narrativa.

-A outra banda do Íberr, 1965. É o drama do exilio político.

-Un hotel de primeira sobre o río, 1968. Trata a expropiación dunhas terras para construír un grande hotel.

Presenta protagonistas femininas solidamente construídas.



O teatro na posguerra. O grupo de Ribadavia


- Desde finais dos anos '60 o teatro galego vive un **gran desenvolvemento**.
- Nacen grupos teatrais coma **O Facho**, o **Teatro Popular Galego** ou **Teatro Circo**.
- Créase a **Mostra de Teatro de Ribadavia** (1973-1980). Foi a plataforma de lanzamento de autores como Euloxio R. Ruibal, Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño... e de compañías (Teatro Circo, Troula ou Artello).



O teatro na posguerra. O grupo de Ribadavia

Características:

- Autores e autoras vinculados coa práctica teatral.
- Experimentalismo e conexión coas tendencias europeas.
- Teatro comprometido coa lingua, a política.
- Interese polo teatro infantil.



O grupo de Ribadavia. **Euloxio Ruibal**

Obras contra a violencia e a opresión:


-*Zardigot*, 1973 (1º premio Abrente na primeira Mostra de Teatro de Ribadavia).

-*O cabodano*, 1974.

Obras nas que predomina a comedia e o ton satírico:

-*Azos de esguello*, 1989 (realidade da Galicia autonómica).

-*Unha macana de dote*, 1990 (mesmos personaxes que a anterior, pero con forma de farsa).



O grupo de Ribadavia. **Manuel Lourenzo**

- Fundador de varios grupos de teatro e de escolas de formación teatral (CasaHamlet).
- Participou activamente nas Mostras de Ribadavia.
- Autor, actor e director teatral.
- En 1997 gañou o Premio Nacional de Literatura Dramática con *Veladas indecentes*.




O grupo de Ribadavia. Manuel Lourenzo

-*Traxicomedia do vento de Tebas...*, 1978 (liña mítica)

-*Electra*, 1994

-*Xoana*, 1991 (liña histórica)

-*Veladas indecentes*, 1996 (liña do "teatro inmediato",
carácter máis experimental)



O grupo de Ribadavia. **Roberto Vidal Bolaño**

- Autor, actor e director de teatro.
 - Adopta unha visión crítica e irónica nas súas obras.
 - Formalmente caracterízase pola experimentación.
1. Dramaturxia popular: *Ledaíñas pola morte do meco*, 1977;
Laudamuco, señor de ningures, 1977
 2. Reinterpretación dos mitos do noso pasado: *As actas escuras*, 1997
 3. Teatro realista e crítico: *Saxo tenor*, 1993